



Nota de prensa

Ambas as entidades asinan un convenio de colaboración
A FEDERACIÓN DE DIABÉTICOS ESPAÑOIS
E A FUNDACIÓN EROSKI PROMOVEN
HÁBITOS SAUDABLES

- **A Fundación EROSKI colabora este sábado nas actividades organizadas co gallo do Día Mundial da Diabetes**
- **A Federación de Diabéticos Españois proporcionaralle contidos relacionados coa diabetes ao Programa Educativo en Hábitos Saudables "Enerxía para Medrar" da Fundación EROSKI**

Madrid, 13 de novembro do 2015.- A [Federación de Diabéticos Españois](#) (FEDE) e a [Fundación EROSKI](#) asinaron hoxe un convenio de colaboración para promover conxuntamente hábitos de vida saudables e unha alimentación sa entre a poboación. O presidente de FEDE, Andoni Lorenzo Garmendia, e o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa, rubricaron o acordo. O convenio, de un ano de duración, dálles continuidade aos asinados no 2012 e 2014.

"O fomento de hábitos de vida saudables é unha prioridade para a Fundación EROSKI. Este convenio reforza o noso compromiso coa prevención desta enfermidade, apoiando as actividades que a FEDE vai poñer en marcha co gallo do Día Mundial da Diabetes o sábado e colaborando nos vindeiros meses na difusión de contidos que permitan formar e informar a sociedade sobre esta afección", sinalou Alejandro Martínez Berriochoa. "Estamos especialmente interesados en previr a obesidade infantil, elemento precursor da enfermidade diabética".

A FEDE, pola súa banda, comprométese a proporcionarlle contidos relacionados coa prevención da diabetes ao [Programa Educativo en Hábitos Saudables "Enerxía para Medrar"](#). A Fundación EROSKI desenvolve este programa a través da súa Escola de Alimentación xunto a centros escolares de toda España. *"Desde a Federación de Diabéticos Españois valoramos positivamente as iniciativas que a Fundación EROSKI desenvolve para fomentar a alimentación e os hábitos de vida saudables, elementos fundamentais para previr a enfermidade diabética. Comprácenos por iso asesorar a Fundación en todos aqueles aspectos relacionados co colectivo diabético",* indicou Andoni Lorenzo Garmendia.

A Escola de Alimentación EROSKI é o proxecto de Fundación EROSKI para lle trasladar ao consumidor pautas claras e sinxelas que permiten poñer en práctica unha alimentación equilibrada e un estilo de vida saudable. No 2012 a Escola de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



ESCUELA DE
ALIMENTACIÓN



Alimentación pon en marcha o Programa de Educación en Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) "Enerxía para Medrar" co obxectivo de apoiar a educación alimentaria saudable entre os máis novos.

"Na edición actual aumentaron nun 30% as inscricións con respecto ao mesmo período do curso anterior. No curso 2014-2015, triplicamos practicamente o número de participantes, con máis de 70.000 escolares inscritos de 900 escolas de toda España. Ano tras ano o programa medra e mellora os seus contidos a partir das valoracións e achegas realizadas polos docentes que xa o impartiron", afirmou o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Sobre a Federación de Diabéticos Españois

A Federación de Diabéticos Españois é o órgano representativo do colectivo diabético en España que, a día de hoxe, supera os cinco millóns de persoas. A federación conta con 19 socios que agrupan a 169 asociacións de diabéticos distribuídas por todo o territorio nacional.

Entre os seus obxectivos atópanse a defensa dos dereitos das persoas con diabetes; a axuda moral, física e educativa ao colectivo diabético; o fomento e apoio á educación diabetolóxica; a promoción da mellora da asistencia sanitaria; a prevención e detección precoz da diabetes e o impulso e desenvolvemento da investigación.

Sobre a Fundación EROSKI

A Fundación EROSKI é unha organización privada sen ánimo de lucro que ten, entre outros fins, a promoción e defensa dos lexítimos intereses dos consumidores como a alimentación sa e os hábitos saudables.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)